

NOTA DE PRENSA

O servizo de emerxencias actuou en 3.135 operativos durante o ano 2009

O GRUMIR de Boiro realizou máis de 300 intervencións motivadas polo temporal “Flora”

Boiro, 1 de febreiro de 2010. O equipo do Grupo Municipal de Intervención Rápida (Grumir) do Concello de Boiro, integrado por 16 profesionais, realizou máis de 300 intervencións a consecuencia das desfeitas provocadas polo temporal *Flora* no municipio, na súa maioría retirada de árbores caídas, cables do tendido eléctrico, farolas, contenedores desprazados polo forte vento, retirada de restos de tellados e axuda na recuperación de embarcacións afundidas.

“Este dato ven a reforzar a importancia de que os veciños conten de xeito permanente co Grumir, independentemente de que en Boiro exista tamén un parque de bombeiros, porque ambos servizos de emerxencia son útiles, necesarios e complementarios”, manifestou o Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes. O rexedor boirense agarda que a Consellería de Presidencia e a Fegamp conten con tódolos concellos nos que existe o Grumir para consensuar a redistribución dos Grumir que proxecta a Xunta, se ben “a postura do Concello é a continuidade do servizo, pois a traxectoria do Grumir, as intervencións e os últimos acontecementos, como os danos provocados polo *Flora*, falan por si mesmos; son imprescindibles”. Engadiu que “tódolos concellos que hoxe contamos con Grumir e parque de bombeiros estamos dacordo en conservar ambos servizos”.

Os servizo de emerxencias presentou tamén o seu balance de actuacións do ano 2009, que eleva a 3.135 as intervencións efectuadas, sendo as maioritarias, aparte da actividade na propia base, as seguintes: apoio ao Concello de Boiro (286), apertura do punto limpo (298), apertura de vivendas (146), apoio a organizacións, festas, etc. (142), recollida de animais (145), control de tráfico (113), limpeza de estradas de verquidos de aceite, etc (101), ou incendios forestais (53).

O Xefe de Protección Civil, Ignacio Pérez Hermo, indicou que cada vez é maior a afluencia de público a eventos nos que se producen aglomeracións de xente, como é o caso das Festas do Verán, a Exaltación do Mexillón ou a romaría de San Ramón de Bealo, nos que se montan dispositivos especiais, e tamén resaltou a colaboración con tódalas parroquias, colexios, asociacións de veciños, etc. que así o piden cando organizan algunha actividade que requira da súa intervención.

O responsable do Grumir indicou tamén que o equipo está preparado para intervencións marítimas, pois conta cos medios axeitados (entre eles, dúas lanchas), e de feito xa prestaron apoio en busca de persoas desaparecidas no mar ou nas travesías a nado que se levaron a cabo no 2009.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro